

«A miña meta sempre foi facer obras que se identificasen sen firmalas»

Ourense «A miña meta sempre foi facer obras que se identificasen sen firmalas»

O artista Manuel Buciños considera que a obra nos lugares públicos debe «convivir cos veciños e o espazo»



Santi M. Amil

x. m. r.

ourense / la voz

08/03/2020 05:00 h

A culpa de todo tena o seu avó. O neno que se chamaba Manuel García Vázquez comezou a escaravellar no obradoiro do pobo, poñamos que fose nun lugar chamado Buciños, e ficou marabillado ao ver como dun anaco de madeira saían formas que el non sabía que estaban alí dentro, agochadas. Ao taller chegaban tallistas de Ourense a facer encargos. Moitos anos despois, aquel neno no que ficou gravado o cheiro da madeira, é un dos escultores de referencia de Galiza e a Fundación Xoán Piñeiro, da que é membro, escolleuno para desenvolver a primeira iniciativa dun proxecto con vocación de futuro. *Diario de artistas* nace co obxectivo de «valorar o traballo

recoñecible» dos escultores galegos. A exposición dedicada a Buciños estará no Marcos Valcárcel ata o vindeiro día 3 de maio.

-Aquel obradoiro ao que sempre volve foi a orixe de todo isto?

-Sen dúbida. Vivía nun ambiente moi rural, na aldea, e ver como dun anaco de madeira remataban saíndo volutas, follas e outras figuras para min era un acontecemento extraordinario. Ese foi o meu primeiro contacto coa forma e coa materia.

-E tivo continuidade en Ourense.

-Xa na cidade, a onde vin para estudar, aprendín debuxo con Luís Xesta e logo xa fun a Madrid a cursar Belas Artes.

-Non valorou facer carreira alí?

-Si, pero era imposible. Era un rapaz que remataba de saír da facultade, estamos falando de 1960 ou 1961, e botaba todo o día tallando e non podía facer obra miña porque non tiña tempo. Estiven en varios talleres, entre outros con Pablo Serrano, e rematei por volver porque aquilo non era para min.

-A mostra ofrece, entre outras cousas, o valor engadido de amosar obras que nunca ata o de agora se expuxeran.

-É certo e a explicación é sinxela. A maior parte delas son pezas persoais -a miña muller embarazada da primeira filla, os bustos dos rapaces e dela e outras obras- que facía no taller e xa as subía para a casa. E alí estiveron sempre, nunca foron a exposicións. E logo algunha que facía para min... son recordos e obras vencelladas ás sensacións persoais e familiares.

-Seica merca obras dun tal Buciños.

-Aínda hai pouco unha que debín facer alá polo 1968 ou 1969. Pasei por unha galería e vira; entrei, preguntei canto custaba e leveina comigo. E teño mercado outras. Son situacións lóxicas: desta volta era dun rapaz que a tiña na casa porque fora do seu pai e levouna á galería para vender. Na maior parte dos casos son pezas ás que lle teño un cariño especial porque era xente que viña ás exposicións e achegábase para dicirme que lle gustaba unha obra e se ma podían pagar a prazos. A min aquilo facíame feliz e era o que máis valoraba: era xente á que de verdade lle gustaba o meu traballo, ata o punto de facer o sacrificio de aforrar todos os meses algo para pagala.

-Debe ser o artista galego con máis obra en espazos públicos.

-Pode ser. É algo que sempre me gustou. Presenteime a moitos concursos e outros foron proxectos que me encargaron.

-Intervir neles é un risco engadido?

-E tamén unha satisfacción a maiores. A túa obra está aí, para que gocen e se relacionen con ela os cidadáns. Mais tes que ter un criterio axeitado para non estragar o espazo no que fas a intervención: que a peza sexa un elemento máis, integrado no lugar, e conviva cos veciños e co seu espazo.

-Defínese como un escultor «tradicional».

-Si. Son un artista tradicional, figurativo obviamente, que me deixo levar polo sentimento á hora de traballar. Cousas que vexo na rúa, no parque, ou en calquera outro sitio son as que me inspiran: unha nai co seu fillo, un abrazo, os nenos xogando... e marcho correndo para o estudo, xa non paro no bar, para non perder a idea e pórme a traballar. O meu obxectivo foi o mesmo dende o comezo e toda a vida dixen que quería que me entendesen. A miña meta sempre foi facer obras que se identificasen sen ter que firmalas e sen poñerlle título. Que ao velas a xente diga: 'Isto é de Buciños'.

Admirador de Moore e Giacometti e co proxecto pendente para o seu amigo Casares

O proxecto da Fundación Xoán Piñeiro é moito máis que a exposición. Haberá un faladoiro co artista no Teatro Principal que será conducido polo xornalista e escritor Camilo Franco, publicarase unha edición numerada -serán 700 exemplares- dun libro homenaxe e haberá unha cea para agasallar ao artista no Liceo de Ourense. Aos seus 81 anos, Buciños non está moito polo labor de poñerse a falar nun teatro.

-Como vai ser un coloquio con vostede sen intervenir o artista?

-O de falar en público non vai comigo. Agardo que veñan os amigos e pidan a palabra para comentar algo, así non me toca a min. Xa sei que algo terei que dicir, aínda que canto menos teña que falar mellor.

-Hai obras nunca expostas, está recreado o seu xardín e mesmo Mani Moretón reproduciu o taller coas súas fotografías. A mostra é un «Todo Buciños»?

-É unha exposición única, como se fose unha colección de artista. O resultado é extraordinario e estou moi satisfeito de como quedou a mostra.

-Aínda devece por Giacometti e Moore?

-Cando rematei a carreira quería ser coma eles. Metinme dous anos no taller do pobo, para empezar a traballar, e eles eran os artistas aos que admiraba. Ata que un día me decatei do erro e